

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	IES Laxeiro	Lalín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Oratoria	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

A importancia do arte de falar en público é indiscutible.

Por iso este tema é fundamental. É importante saber falar en público para poder enfrontarnos a situacións correntes, xa que isto deixou de ser unha capacidade necesaria, so nalgúns profesionais.

Obviamente, a materia debe asentarse sempre nunha base ética que fomenta tanto a expresión honesta dos pensamentos propios coma a escoita respectuosa das opinións dos demais.

O número de alumnos é 19, de 4º de ESO. Son todos diferentes, algúns son da cidade e outros son dos arredores.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Aprender a falar en público para participar na mellora da vida colectiva, para configurar a propia traxectoria académica, profesional e vital, e para fortalecer unha imaxe propia positiva ante nós mesmos e ante os demais.	1-5	1-3	4	3	1	2		
OBX2 - Coñecer os fundamentos da oratoria clásica e a súa relación coa retórica e a práctica do debate.	2-4							1-2
OBX3 - Recoñecer e analizar os distintos discursos persuasivos propios da nosa realidade social e os seus ámbitos de difusión: a prensa, a política, a publicidade e as relacións persoais.	1-2	1	1-2			1	3	1-2-3-4
OBX4 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia.	2-3			1	4	1-3-4		
OBX5 - Desenvolver as destrezas propias da comunicación oral: a competencia lingüística, as competencias sociais e cívicas e o sentido da iniciativa.	1-5	1-2-3	3-4		1-3	2	1	3
OBX6 - Empregar axeitadamente os distintos códigos verbais e non verbais propios do discurso persuasivo.	1	1-3			1-4-5	1-3	2-3	3-4
OBX7 - Empregar distintos soportes e ferramentas tecnolóxicas e informáticas en apoio do discurso persuasivo.	3			1-2-3-4-5	4			4
OBX8 - Recoñecer e empregar a capacidade persuasiva da palabra conservando unha base ética sólida e rexeitando usos perversos ou contrarios á convivencia.	5	3	2-3-4-5	4-5	2	1-2-3-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Aprendemos a falar en público	O primeiro trimestre do curso, adicarémolo a aprender y dominar algunhas técnicas de Oratoria. Faremos discursos semanalmente ata dominar dichas técnicas: e de argumentos, posta en escen e, control de nerviosismo.	33	38	X		
2	Aprendemos a debater	No segundo trimestre aprenderemos todo o que é necesario para levar a cabo un debate académico. A actividade fundamental da unidade é os debates finais.	33	33		X	
3	Experto na Oratoria	O terceiro trimestre adicarémolo a perfeccionar o traballado ao longo do curso. Tanto o discurso oral como o debate. Aprenderemos a xestionar e resolver conflitos e imprevistos.	34	34			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Aprendemos a falar en público	38

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer a historia da Oratoria.	PE	25
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Seleccionar ben as fontes documentais.		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Revisar o texto		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Coñecer o que é información e opinión	TI	75
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Adaptar os elementos do discurso correctamente		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Ordear ideas con pasos.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Utilizar estratexias mnemotécnicas		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Memorizar o discurso		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Aprender a falar en público		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar con corrección, claridade e expresividade		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Mover o corpo dun xeito adecuado		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Apoyarse en programas informática para as presentacións ou o encerado		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Conocer regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio. - Tipos de fontes documentais. Criterios de selección. - Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.). - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.

Contidos

- Procedementos retóricos. Características estilísticas.
- Coherencia e cohesión.
- Corrección lingüística.
- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.

UD	Título da UD	Duración
2	Aprendemos a debater	33

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Coñecer as bases fundamentais da oratoria.	Coñecer as partes do discurso de Oratoría	PE	11
CA1.3 - Identificar as partes do proceso oratorio, encamiñado á persuasión.	Identificar as parte dos procesos persuasivos de distinto profesor.		
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	diferenciar a a práctica de Oratoría	TI	89
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Comprender distintos tipos de discursos persuasivos		
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Valorar a concisión, a claridade e o impacto das mensaxes persuasivas		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Aportar un argumento pertinente de apoio e outro de refutación ante unha tese dada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Identificar e manexar fontes documentais.	Manexar as fontes primarias con soltura		
CA2.2 - Localizar, seleccionar e contrastar a información procedente de diferentes fontes para afondar no coñecemento do tema do discurso, mediante a documentación e a investigación.	Acceder as fontes para coñecer a información		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Hacer un análise da información, distinguindo os contidos lóxicos dos emocionais.		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Recoñecer a importancia da información		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Ser críticos cas fontes de información		
CA3.1 - Adaptar a creación e o deseño do discurso ás características do contexto comunicativo.	Ser quen de adaptar o discurso ao auditorio		
CA3.2 - Organizar as ideas nunha estrutura ordenada e eficaz.	Organizar as ideas principais e secundarias		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Ter un elenco de recursos propios da argumentación		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Redactar un discurso claro y conciso		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Ser quen de revisar o texto de maneira obxectiva.		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Aprender estratexias mnemotécnicas.		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Memorizar o discurso		
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Aprender a falar en público so o en grupo.		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Ser capaz de transmitir emocións positivas.		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar correctamente		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Utiizar el lenguaje no verbal de maneira adecuada		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Dominar programas de presentacións		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Recoñecer as normas de educación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none">- As partes da Retórica: inventio, dispositio, elocutio, memoria e actio.- A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas.- A argumentación como factor clave: tipos de argumentos.- Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais.- Tipos de fontes documentais. Criterios de selección.- Documentación e investigación. Alfabetización mediática.- Selección das ideas. Tipos de contidos: contidos lóxicos (datos, teorías, citas etc.) e contidos emocionais (anécdotas, imaxes, vídeos etc.).- Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación- Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual.- Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias.- Adecuación do discurso ao contexto.- Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido.- Adaptación ao tempo e á canle de comunicación.- Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas.- Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos.- Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade.- Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia.- Procedementos retóricos. Características estilísticas.- Coherencia e cohesión.- Corrección lingüística.- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.- Interiorización do discurso.- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Quinésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics. - Proxémica: espazo escénico. - Naturalidade fronte a artificiosidade. - Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso. - O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

UD	Título da UD	Duración
3	Experto na Oratoria	34

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Relacionar a práctica da oratoria coa preceptiva retórica e co debate dialéctico.	Coñecer as principais técnicas persuasivas	PE	6
CA1.4 - Comprender discursos persuasivos de diferentes tipos, identificando o propósito, a tese e os distintos tipos de argumentos.	Ser quen de chegar ao fondo da intención comunicativa	TI	94
CA1.5 - Valorar a forma e o contido de textos persuasivos, avaliando a súa calidade, a súa eficacia e a idoneidade da canle utilizada.	Entender la estructura del texto persuasivo		
CA1.6 - Elaborar argumentos e contraargumentos en situacións hipotéticas dadas. Identificar as falacias.	Elaborar máis dun argumento.		
CA2.3 - Diferenciar información e opinión.	Diferenciar o anecdótico do fondo da información		
CA2.4 - Calibrar a fiabilidade e a pertinencia da información.	Elexir bos argumentos		
CA2.5 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sostible e saudable das tecnoloxías dixitais para a procura da información.	Introducir o uso crítico na vida.		
CA3.3 - Empregar recursos propios da argumentación.	Ser quen de utilizar un recurso propio da argumentación		
CA3.4 - Redactar o discurso con corrección lingüística, creatividade e eficacia persuasiva.	Realizar un discurso correcto tanto en la forma como en el contenido		
CA3.5 - Realizar o proceso de revisión do texto.	Ser capaz de autocorrección de textos		
CA3.6 - Desenvolver estratexias mnemotécnicas do discurso.	Utilizar máis dunha estratexía mnemotécnica		
CA3.7 - Memorizar o discurso deixando espazo para a improvisación e a espontaneidade.	Ser capaz de improvisar		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Aprender a falar en público, en contextos formais e informais, de forma individual ou en grupo.	Aprender a adecuar el discurso a la situación comunicativa		
CA4.2 - Potenciar as emocións positivas na exposición perante o público e controlar a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas		
CA4.3 - Pronunciar con corrección, claridade e expresividade.	Pronunciar adecuadamente		
CA4.4 - Empregar a linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e a eficacia do discurso.	Empregar recursos del lenguaje no verbal		
CA4.5 - Utilizar programas informáticos e audiovisuais para o deseño de presentacións co fin de potenciar o significado e a expresividade do discurso.	Utilizar presentacións de apoio		
CA4.6 - Recoñecer e asumir as regras de interacción comunicativa e cortesía lingüística.	Ter educación		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A intención comunicativa nas mensaxes persuasivas. - A argumentación como factor clave: tipos de argumentos. - Tipos de discurso persuasivo e os seus ámbitos de difusión: os medios de comunicación social, a publicidade, a política e as relacións persoais. - Estratexias de procura e selección das ideas máis adecuadas en función da intención comunicativa e dos elementos da comunicación - Xestión da información desde un punto de vista crítico que respecte os principios de propiedade intelectual. - Análise crítica para previr a posverdade e non dar validez unicamente á información afín coas ideas propias. - Adecuación do discurso ao contexto. - Axuste do discurso ao modelo textual ou xénero elixido. - Adaptación ao tempo e á canle de comunicación. - Estrutura do discurso: introdución, desenvolvemento e conclusión. Disposición das ideas. - Recursos argumentativos: premisas, teses e siloxismos. - Claves para deseñar mensaxes altamente eficaces: claridade e brevidade. - Estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia. - Procedementos retóricos. Características estilísticas. - Coherencia e cohesión. - Corrección lingüística.

Contidos

- Proceso de revisión. Uso de correctores lingüísticos.
- Técnicas de memorización do discurso: elaboración e uso do guión, elementos de apoio.
- Interiorización do discurso.
- Habilidades de comunicación non verbal e xestual.
- Xestión emocional para falar en público (entusiasmo, confianza, asertividade, empatía e seguridade).
- Xestión das emocións negativas (medo escénico, ansiedade, nerviosismo e inseguridade).
- Dicción: pronuncia, volume, ritmo, ton, modulación, intensidade, pausas e silencios.
- Quínésica. Linguaxe corporal: expresión facial, xestos, tics.
- Proxémica: espazo escénico.
- Naturalidade fronte a artificiosidade.
- Soportes informáticos e audiovisuais para apoiar o discurso.
- O debate como ferramenta idónea para practicar a argumentación e a escoita activa: entender, refutar e persuadir respectando as normas de interacción e a cortesía lingüística.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A organización da materia de Oratoria debe estar baseada nunha perspectiva práctica, minimizando os contidos teóricos e privilexiando aquelas actividades que permitan desenvolver as destrezas vinculadas coa oralidade, establecendo, alén diso, un clima de confianza e seguridade que favoreza a expresión dinámica e fluída do alumnado. Neste sentido, faise necesaria a creación de condicións e contextos que estimulen a superación persoal, o desenvolvemento das potencialidades, o coidado do autoconceito e a autoestima, así como os procesos da aprendizaxe autónoma e o traballo en equipo. Estes principios metodolóxicos deben aplicarse arredor de contados concretos. Polo tanto plantexarase o traballo na aula a partir das seguintes concrecións metodolóxicas: 1. O fomento de tarefas cooperativas que faciliten a implicación do alumnado e permiten desenvolver as competencias lingüística, social e cívica a través da interacción, e propicia a creación dun ambiente adecuado para a autoavaliación e a coavaliación. 2. A potenciación do traballo en grupo permite manter relacións saudables e produtivas cos compañeiros e compañeiras, colaborar na consecución dos obxectivos, respectar as normas establecidas, amosar unha actitude tolerante cara ás ideas dos demais e cooperar na superación das dificultades que se presenten. 3. A coordinación e o traballo interdisciplinar. Son exemplos a xestión da información, a comprensión de lectura, a escoita comprensiva ou a expresión escrita, polo que o tratamento integrado destes elementos competenciais suporá un mellor aproveitamento do tempo e redundará en beneficio da evolución do alumnado. 22/03/2023 18:52:29 Páxina 16 de 23 4. O fomento da aprendizaxe baseada en proxectos favorecerá a interdisciplinaridade. Todos os departamentos, coa súa acción coordinada, poderán contribuír a perfeccionar os procesos de produción e recepción oral, escrita e multimodal, así como a alfabetización informacional. 5. O desenvolvemento competencial do alumnado favorece o tratamento da atención á diversidade, ao respectar os distintos estilos de aprendizaxe a través da elaboración de actividades que combinen o traballo individual e o cooperativo. O emprego responsable dos recursos e fontes de información proporcionados polas TIC contribúe á reflexión arredor da pertinencia e fiabilidade dos datos obtidos para construír explicacións coherentes e estruturadas da realidade que rodea o alumnado. 6. A planificación de estratexias interactivas que permitan unha construción compartida do coñecemento a través do intercambio de ideas entre o alumnado. Este enfoque implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. Proponse, así, a elaboración de actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Recoméndase tamén a planificación de exposicións orais ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, comprensión e análise de textos orais e escritos de diversa índole. O emprego da lingua na comprensión e creación de discursos favorece o seu desempeño profesional e a súa

participación activa nos ámbitos social e persoal. Convén que o alumnado adquira os recursos necesarios para se expresar correctamente e con eficacia nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). 7. É importante a selección e planificación de estratexias didácticas que faciliten a auto-aprendizaxe do alumnado e que permitan a incorporación do uso e rexistro lingüístico adecuados en situacións comunicativas reais e próximas ao seu contexto académico e social. Preténdese, así, estimular a reflexión e o pensamento crítico, favorecendo o descubrimento, a investigación, o espírito emprendedor e a iniciativa persoal. Por iso, as actividades propostas deben afondar nos métodos de compilación, sistematización e presentación da información, aplicando os procesos de análise, observación e experimentación. Os exercicios prácticos orientaranse cara á organización de debates ou exposicións orais que amosen todo tipo de posicionamentos, roles ou conflitos, onde se potencie a expresión oral, corporal, o movemento e a importancia da xestión do tempo e o espazo, para construír una axeitada autoimaxe. 8. A utilización de instrumentos e procedementos de avaliación deben ser diversos, flexibles e adaptados ás características do alumnado. Iso permitirá unha avaliación formativa centrada nas competencias, identificando o grao de adquisición destas, e a modificación se é necesario, daqueles aspectos susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...), así como detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para palialas. Neste sentido, serán moi adecuadas as rúbricas ou escalas de valoración para recoller os datos froito da observación sistemática do seu traballo. 9. Por último, é imprescindible a posta en práctica dun método didáctico, con proxección social e cultural, para a construción da identidade persoal do alumnado, a integración e a igualdade, despertando a súa curiosidade polo mundo e favorecendo unha produción discursiva que poida empregar como medio de comunicación oral e audiovisual. Trátase dunha ferramenta que promova o consenso e a organización grupal, optimice a xestión emocional e a resolución dialogada dos conflitos, desenvolva as habilidades de liderado positivo e consolide actitudes de tolerancia e respecto cara ás ideas dos demais.

A materia será tratada dende un punto de vista práctico, como establece o Currículo. A maior parte do curso se avaliará as distintas producións orais que os alumnos vaian facendo ao longo do trimestre.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos elaborados ou facilitados pola profesora.
Escolma de textos variados orais o escritos
Materiais de investigación e consulta
YouTube

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A efectos de proceder á avaliación inicial das competencias do alumnado na materia do curso, na primeira semana de curso realizarase unha presentación de un minuto que será valorada segundo táboa de indicadores

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	33	33	34	100
Proba escrita	25	11	6	14
Táboa de indicadores	75	89	94	86

Criterios de cualificación:

O 60% da calificación final dependerá das diversas actividades feitas en clase durante o trimestre (traballo diario). Consistirán, a maioría delas, en pequenas intervencións orais en clase que necesitarán preparación e que serán avaliadas mediante unha táboa de indicadores que será coñecida de antemán polo alumnado. O 40% restante será a nota de dúas probas escritas (20% + 20%), unha teórica e outra práctica (análise dun texto).

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ter avaliación positiva nas tres avaliacións-
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo (dende o 0.75), é igual o superior a 5.

A nota da avaliación final sairá da media aritmética dos tres trimestres.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos, esta poderá recuperarse mediante a realización dunha proba final en xuño que versará sobre as partes suspensas.

Dado que se trata dunha materia non impartida en cursos anteriores, non hai alumnado con Oratoria pendente.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade supón dar resposta ás diferentes capacidades do noso alumnado. Por iso é necesario combinar metodoloxías que se poidan adecuar ás características propias de cada persoa. Neste senso hai que entender as metodoloxías ás que facemos referencia no apartado anterior. O traballo cooperativo e a aprendizaxe baseada en proxectos son dúas liñas metodolóxicas que contribúen a respectar os diferentes ritmos de aprendizaxe e favorecen a capacidade de aprender por un mesmo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - A convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica y democrática	X	X	X
ET.2 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X
ET.3 - A competencia dixital		X	X
ET.4 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X
ET.5 - Liberdade de expresión	X	X	X
ET.6 - Expresión oral e escrita	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Creación e presentación en público dunha guía de lectura.	Esta actividade, a desenvolver no segundo trimestre, consiste na lectura dunha obra literaria escollida polo alumnado. Tras isto, deberán facer unha análise do libro escollido para logo trasladala á guía de lectura, que terá un pequeno formato.		X	
Elaboración e gravación dun podcast	Esta actividade é idónea para desenvolver a competencia mediática e informacional. Ademais, a selección de contidos realizada polo propio alumnado espertará máis interese entre o este e afianzará unha dinámica de traballo en equipo. Estudaremos a estrutura do podcast e faremos de reporteiros/as e investigadores/as. Entrevistas, libros, música e cine serán algúns dos temas que se tratarán no podcast.			X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Foi adecuada
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Cumpríuse a temporalización marcada na programación para cada trimestre.
Medidas de atención á diversidade
Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación.
Clima de traballo na aula
Traballouse ben na aula

Descrición:

Comprobarase se, tras cada trimestre, cumpríuse coa temporalización establecida, o emprego das medidas metodolóxicas reflectidas na programación e se se aplicaron os procedementos e criterios de avaliación establecidos.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación didáctica da materia estará á disposición da comunidade educativa do centro e, ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado a información básica sobre a mesma. A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. As ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia. A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro: Cumpriuse a temporalización marcada na programación para cada trimestre? Empregáronse as medidas metodolóxicas reflectidas na programación? Aplicáronse os procedementos e criterios de avaliación establecidos na programación didáctica? As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados